XOGOS PROHIBIDOS
Título orixinal Jeux interdits **Dirección** René Clément **Guión** Jean Aurenche, Pierre Bost, François Boyer e René Clément **Ano** 1952 **Duración** 102 min. **Intérpretes** Georges Poujouly, Brigitte Fossey **Música** Narciso Yepes **Dirección de fotografía** Robert Juillard **Distribuidora** A contracorriente films **Sinopse** Fuxindo dun París en guerra, Paulette, orfa de 5 anos, atopa refuxio nunha humilde e xenerosa familia de granxeiros. Canda a Michel, o fillo menor da familia, do que logo se fai amiga, ha recrear o seu propio universo, mesturando realidade e fantasía. Recoñecida internacionalmente, *Xogos prohibidos* é a obra mestra de René Clément, un dos filmes máis conmovedores e que máis intensamente evoca a infancia.

ABRIL 2017
Martes 11 *A pantasma da liberdade* | *Le fantôme de la liberté*
Luis Buñuel, Francia, 1974, 104 min.
Martes 25 *Cabalo diñeiro* | *Cavalo dinheiro*
Pedro Costa, Portugal, 2014, 103 min.

TODAS AS SESIÓNS EN VOSE, ÁS 20:30 h NO TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

O Cineclube Pontevedra é unha asociación sen ánimo de lucro cuxo funcionamento e financiamento depende fundamentalmente das achegas económicas que realizan periodicamente as súas socias e socios. As persoas socias poden escoller entre tres tipos de cotas: Anual (60 euros); Trimestral (18 euros); Prorrogada en cada sesión (2 euros).

---

https://www.facebook.com/cineclubepontevedra
http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es

XOGOS PROHIBIDOS

René Clément, 1952, Francia
82 min., VOSE

A orixe do filme remóntase a un guión que o seu autor, François Boyer —un novo guionista de 27 anos— non puido venderlle a ningún produtor. O ton sombrizo do relato escorrentou posibles persoas interesadas e o autor tivo que converter o texto nunha novela, que publicou en 1947 co título de *Les jeux inconnus* e que en inglés circulou como *The secret game*. Sen éxito en Francia, a obra gozou dunha inusitada fortuna en Estados Unidos. A revista *Time*, na súa edición do 14 de agosto de 1950, reseña a publicación do libro de Boyer: "Escribir de xeito convincente sobre a reacción da infancia fronte á violencia é unha proba real para a destreza dun novelista. Poucos o fixeron ben". De socato, o libro cobra importancia e Clément, en compañía dos afamados guionistas Jean Aurenche e Pierre Bost, adquire os dereitos e volve converter a novela nun guión.

O arquitecto, camarógrafo e documentalista Clément, nacido en Bordeos o 18 de marzo de 1913, xa era daquela un home de recoñecida traxectoria: despois de facer documentais en Arabia e no norte de África a finais dos anos trinta, regresa a Francia e a súa longametraxe debut, *La bataille du rail* (1945), faille gañar o Premio ao Mellor Director no Festival de Cannes en 1946 —era a primeira vez que o evento se levaba a cabo—; o filme obtivo o Premio do Xurado Internacional e o Gran Premio do Festival. Ao ano seguinte, o seu filme *Les maudits* gaña en Cannes o galardón ao Mellor Filme de Aventuras e Crime. E en 1951 obtén o Óscar honorífico ao Mellor Filme Estranxeiro e de novo o galardón ao Mellor Director en Cannes por *Le mura die Malapag*a (1949), con guión de Aurenche e Bost e o papel protagonista de Jean Gabin, a grande estrela francesa do momento. A súa solvencia era tan evidente que ata había resultar despois sospeitosa para parte da crítica francesa.

Inicialmente, a idea con *Jeux interdits* era facer unha curtametraxe que formase parte dun filme de tres partes, con tres directores diferentes, e que se chamaría *Cross my heart and hope to die*. O proxecto quedou sen financiamento e todo semellaba a piques de ser arquivado. Non obstante, o produtor, Robert Dorfmann viu o filmado e pediulle a Clément que convertese o seu segmento nunha longametraxe. Unha petición similar fíxolle Jacques Tati, a quen Clément dirixiu na curtametraxe *Soigne ton gauche* (1936), cando ambos os dous eran un par de novatos. E foi así como se levou a termo. Á súa sobria construción contribuiu a música orixinal que compuxo o español Narciso Yepes, un único só de guitarra que acompaña harmonicamente as aventuras destes nenos, sen interferir e sen poñer acento dramático ningún. Francia considerou o filme de mal gusto e non quixo presentalo no Festival de Cannes. Pero triunfou en Venecia, onde obtivo o León de Ouro, mentres que en Hollywood conseguiu o Óscar honorífico ao Mellor Filme Estranxeiro, o segundo na carreira de Clément —lembremos que a categoría oficial ao Mellor Filme en Lingua Estranxeira estableceuse en 1957—. O filme vivía bos tempos, mais a tempada de sol non ía perdurar moito.

En xaneiro de 1954, Truffaut publica na revista *Cahiers du cinéma* o manifesto chamado "Unha certa tendencia do cinema francés", onde bota por terra o cine galo tal e como era coñecido ata o momento, enfocando a súa ira no cinema pulido e académico dos guionistas Aurenche e Bost, a quen ridiculiza e acusa dos males padecidos pola cinematografía francesa, impugnando a chamada "tradición da calidade" representada no cinema literario baseado en adaptacións pouco fieis, con desprezo pola fonte orixinal, á que se daban o luxo de reinterpretar por medio dun sistema de "equivalencias" onde pouco quedaba do espírito orixinal dos textos. "Aurenche e Bost son esencialmente literatos, e eu reprocharíalles aquí o desprezar o cinema subestimándoo. Compórtanse fronte ao guión coma quen cre reeducar un delincuente buscándolle traballo; coidan sempre facer o máximo por el adornándoo con sutilezas, nesa ciencia de matices que forma o tenue mérito das novelas modernas. Este non é, por certo, o defecto menor dos esexetas da nosa arte, que cren honrala usando a xerga literaria", escribía Truffaut[1].

O mal estaba feito e *Jeux interdits* caeu dentro dese grupo de filmes malditos que non merecían ser considerados xa, o arcaico *cinéma de papa* da posguerra, cuxos esquemas foron superados pola nova ola do cinema francés. Tamén os grupos de esquerda acusaron o filme de se burlar da clase obreira, representada nos iletrados e ordinarios campesiños protagonistas. A Truffaut e aos seus colegas producíalles sospeitas o cine unanimemente galardoado de Clément, signo inconfundible de que facía parte dun establecemento fílmico que eles aspiraban derrubar. O tempo sedimenta todo e, visto de novo, *Jeux interdits* vese hoxe coma un dos máis fermosos intentos por explorar o inasible universo infantil desde unha perspectiva propia, que dá unha desesperada resposta persoal a unha situación de extrema dor, desprotección e abandono. Alá van Michel e Paulette arrastrando na noite unha carretilla chea de cruces, mentres no firmamento se escoita o estrépito dos bombardeos, o ceo se ilumina e o ambiente séntese ateigado de fume. Alá van co seu segredo ás costas, alá van levando tamén o que queda dunha infancia murchada, definitivamente, pola guerra.

1 TRUFFAUT, François "Una cierta tendencia del cine francés", en: ROMAGUERA, Joaquim e ALSINA THEVENET, Homero (eds.), *Textos y manifiestos del cine*, Madrid, Cátedra, 1989, p. 233.

GONZÁLEZ A., Juan Carlos. "Dos instantes junto a René Clément". Revista Universidad de Antioquia, agosto 2013.. Dispoñible en: <http://aprendeenlinea.udea.edu.co/revistas/index.php/revistaudea/article/view/16377/14221>. Data de acceso: 1 de marzo de 2017.